



federación de sanidade e sectores
sociosanitarios de Galicia



FEDERACIÓN DE SANIDADE E SECTORES
SOCIOSANITARIOS

COMUNICACIÓN

CONCURSO TRASLADOS 2025 MÉDICOS DE FAMILIA E FEAP

Publicado no DOG de hoxe 24.06.25 a Resolución da Dirección de RRHH do SERGAS pola que se publica a **oferta de destinos** no ciclo de adxudicación correspondente ao **ano 2025** do **concurso de traslados aberto e permanente** nas categorías de **médico de familia de AP e FEAP**.

Na páxina web do SERGAS, no FIDES, e nos nosos locais sindicais, podedes consultar a relación de prazas ofertadas nestas categorías.

Ábrese un **prazo de 15 días naturais** para que as persoas admitidas, se o desexan, poidan: **engadir ou modificar os destinos, cambiar a orde das prazas** ou **baleirar a solicitude de destinos** e así decaer na participación no CAP.

Os/as participantes que non desexen modificar a elección de destinos realizados, non terán que realizar ningunha actuación.

Para máis información,
acode a túa sección sindical de CCOO



24 de xuño do 2025